

# PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA



CPI "A.D.R. CASTELAO"  
CURSO 2022/23

MARÍA ISABEL MOURELLE MATO  
LORRAINE CHANTAL REINLÄNDER

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
3. OBXECTIVOS.....	4
4. CONTRIBUCIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE .....	6
5. INTERVENCIÓN DOS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA. ....	6
6. RELACIÓN DO ALUMNADO ATENDIDO .....	8
7. ACTIVIDADES .....	9
8. METODOLOXÍA.....	11
9. RECURSOS .....	12
10. AVALIACIÓN.....	12
11. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN .....	13

## **1. INTRODUCCIÓN**

Unha intervención organizada é primordial para conseguir uns resultados satisfactorios no proceso educativo do alumnado. Por este motivo, realizar unha programación axustada ás características do alumnado ao que vai destinada pódese considerar como sinónimo dunha educación inclusiva e de calidade. Este aspecto cobra gran importancia na aula de Apoio, onde o alumnado que asiste á mesma presenta unhas características individuais moi peculiares, que fan necesaria unha intervención axustada ás mesmas, conseguindo superar así as dificultades que poidan presentarse e dando unha resposta axustada as súas necesidades.

Por todo isto, a nosa función como mestras de apoio é dar unha resposta o máis axustada posible ás características que presenta o alumnado, partindo dos principios de individualización, normalización e inclusión. Tamén ten gran importancia a colaboración e coordinación con todos os profesionais que forman parte do equipo de orientación, co EOE, cos titores e titoras, coas familias e, por suposto, a actuación directa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN**

Este é un centro de educación infantil e primaria situado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado. A poboación do noso centro é de clase media-baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor de clases media e alta, respectivamente. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e tamén unha gran parte de alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes. As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios, etc. Temos tamén un número importante de inmigrantes, sobre todo de Marrocos, que vai en aumento pero neste último ano tamén recibimos alumnado de Ucraína por mor da guerra. O centro acolle no curso actual 506 alumnos/as e conta con 24 unidades distribuídas en 7 unidades de EI e 17 unidades de EP. As unidades de educación infantil están en dous edificios anexos. O centro conta con comedor escolar, de xestión directa polo centro que utilizan unha porcentaxe moi alta dos alumnos do centro; conta con arredor de 300 comensais. Segundo os datos sacados do Proxecto Educativo do Centro destácase que a maioría de alumnado é galego falante. O centro educativo conta con 42 profesores/as dos cales 1 é profesora itinerante (profesora de Relixión) e con persoal non docente: 1 conserxe, 1 coidadora, 1 administrativo, 4 membros do persoal de cociña. En canto á estrutura organizativa do centro sinalar que o centro, tendo en conta o número de unidades

que posúe, conta con órganos de goberno unipersoais (directora, xefa de estudos e secretaria), colexiados (claustro e consello escolar) e coordinación docente (CCP, EACE, EDLG, TICS, titores, DO) cuxas funcións veñen reguladas no Decreto 374/96 e Orde do 22 de xullo do 97 de regulamento orgánico de centros. Dentro dos órganos de coordinación docente atopamos o Departamento de Orientación propio regulado no D.120/98 e a Orde do 24 de xullo de 1998 que o complementa.

### **3. OBXECTIVOS**

A continuación detállanse os obxectivos xerais de aula, así como os dirixidos á atención do alumnado, estes poden ir variando dependendo das necesidades que poidan ir aparecendo. Partirase dunha análise individual do alumnado, tal e como aparece reflectido na Orde do 8 de setembro do 2021, tendo en conta que queden satisfeitas as súas necesidades nun marco o máis normalizado posible.

Da análise das funcións como mestras de Pedagogía Terapéutica do centro, extraemos os seguintes obxectivos:

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.
- Facilitar ferramentas para levar a cabo un axeitado desenvolvemento emocional atendendo ás características individuais.
- Colaborar cos titores/as no deseño, aplicación e seguimento da adaptación da programación de aula.
- Colaborar no deseño e aplicación das adaptacións curriculares individualizadas do alumnado atendido.
- Colaborar na selección, elaboración e adaptación do material didáctico, tanto de uso ordinario como daquel máis específico, e optimizar os recursos existentes.
- Asesorar ao profesorado sobre estratexias metodolóxicas específicas, de actuación e prevención das NEAE.
- Asesorar a todos os profesionais da comunidade educativa en aspectos relativos á atención á diversidade.
- Participar na resolución de conflitos entre o alumnado, procurando a educación en valores e respecto.
- Identificar ao alumnado con NEAE o máis pronto posible.
- Diseñar propostas educativas dirixidas á consecución das competencias clave e proporcionar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior

desenvolvemento persoal e social que contribúa á personalización da educación.

- Establecer canles de colaboración entre os diversos profesionais que interveñen cos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a comprensión e participación por parte da familia das medidas adoptadas cos seus fillos.

Ademais destes obxectivos xerais tamén se propoñen uns **obxectivos a nivel curricular**, que se adecuarán de forma individualizada ás características e necesidades que presente o alumnado mediante os correspondentes programas de intervención específicos tal e como recolle o artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021. Entre eles destacar os seguintes:

- Mellorar as habilidades cognitivas básicas e de razoamento a través da adquisición de estratexias metacognitivas (memoria, atención, concentración) aplicadas ás actividades.
- Estimular a capacidade de expresión e comprensión oral de forma axustada ás situacións de comunicación habituais, desenvolvendo o seu vocabulario e estruturas morfosintácticas.
- Consolidar as capacidades de expresión e comprensión escrita, superando as dificultades no proceso lectoescritor e mellorando a exactitude, comprensión e velocidade lectora.
- Reforzar a comprensión e utilización funcional dos conceptos numéricos básicos, as magnitudes e as operacións básicas, aplicándoas á resolución de problemas cotiáns, partindo da experiencia directa e da representación da realidade.
- Favorecer o desenvolvemento da capacidade de actuar de xeito cada vez máis autónomo nas súas actividades habituais, reais ou simuladas.
- Desenvolver as habilidades de observación e exploración do entorno.
- Desenvolver as habilidades de relación e interacción social, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de participación, axuda e colaboración.
- Participar do currículo ordinario, mediante unha programación de aula adaptada aos seus niveis de competencia e aos seus intereses.
- Favorecer a xeneralización das aprendizaxes a contextos significativos.
- Reforzar as áreas instrumentais: priorizar a expresión e a comprensión oral. Priorizar a comprensión lectora e a expresión escrita. Interiorizar os conceptos básicos esenciais implicados no desenvolvemento lóxico matemático.

- Desenvolver estratexias de control da propia conduta, así como favorecer a relaxación.
- Desenvolver un coñecemento positivo de si mesmos, motivación e autoestima.
- Favorecer o desenvolvemento e adquisición dos elementos básicos da psicomotricidade: coordinación, lateralidade, esquema corporal, etc...
- Facer partícipe ao alumnado con NEAE, no maior grado posible, da vida do centro, animándoo a participar nas actividades organizadas.

#### **4. CONTRIBUCIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE**

Os obxectivos propostos na programación contribúen a desenvolver as seguintes competencias clave, tendo en conta que estas serán modificadas pola LOMLOE:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)** : está relacionada coa comprensión e expresión oral e escrita. Como profesorado de apoio este será un dos nosos principais obxectivos.
- **Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT)** : traballaremos co noso alumnado a organización, comprensión e interpretación da información así como a expresión matemática oral e escrita.
- **Competencia dixital (CD)** : utilizaremos as TIC para dotar ao noso alumnado dun medio de comunicación funcional e facer accesibles contidos e experiencias que doutro xeito non sería posible.
- **Competencia social e cívica (CSC)** : garantir a comprensión do mundo por parte do noso alumnado e desenvolver habilidades sociais e de convivencia.
- **Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)** : a creatividade e a participación do noso alumnado en manifestacións culturais debe ser un feito ao que non debemos renunciar.
- **Competencia de aprender a aprender (CAA)** : o esforzo, a motivación e o hábito de traballo son aspectos inherentes a calquera programa de intervención que en todo momento debemos ter presentes.
- **Competencia de sentido da iniciativa persoal e espírito emprendedor (CSIEE)**: a iniciativa e a creatividade así como a propia realización de proxectos serán outros dos eixes que teremos en conta.

#### **5. INTERVENCIÓN DOS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.**

Á hora de organizar as sesións de PT seguimos os seguintes criterios:

- A confección do horario de apoio baséase no principio de equilibrio entre a necesidade de reforzo e a menor separación deste alumnado do seu grupo aula.
- Primarán os apoios e reforzos dentro da aula ordinaria para normalizar a resposta educativa ao máximo.
- Teranse en conta as orientacións do EOE, da Orientadora do centro, dos informes de avaliación psicopedagóxica e dos Ditames de Escolarización, no referente ás estimacións de horas de apoio semanais que recibirá o alumnado.
- Os horarios dos grupos-clase onde está integrado o alumnado con NEAE será un dos referentes para confeccionar o horario da Aula de PT, xa que as sesións de PT levaranse a cabo durante a impartición das áreas instrumentais.
- Este horario será flexible en función das actividades complementarias que se realicen, e en función dos resultados do seguimento do proceso de E-A do alumnado (cambios significativos na evolución dos xa atendidos, e inclusión de novo alumnado avaliado psicopedagoxicamente durante o curso).

Como consecuencia da situación COVID que vivimos estes anos, vimos que a aprendizaxe é moito mais significativa cando os nenos/as son do mesmo grupo-clase. Ademais, dado que somos dúas especialistas en PT, decidimos que unha ía a facer os apoios nos niveis máis baixos (E.I, 1º,2º e 3º de E.P.) e a outra nos niveis máis altos (4º,5º e 6º de E.P.)

Esta programación será aplicada para un curso académico, con sesións de 50 minutos nun clima de traballo relaxado, variando as actividades para evitar a monotonía, e realizándoas de forma lúdica sempre que sexa posible.

Como todos os anos, estes **horarios non son definitivos e varían ao longo do curso** académico polo que non imos especificar os grupos e o número de sesións asignadas a cada grupo ou alumno. Así, facemos constar todas as nosas sesións de traballo, tendo en conta que dentro do noso horario contemplamos a hora de atención ás familias e as distintas reunións e coordinacións docentes os martes de 15:30 a 18:30 horas.

## OS NÓSOS HORARIOS

LORRAINE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Apoio 6° (B,C)	Apoio 2°A	Apoio 5°C	Apoio 5°C	Apoio 6°A
9:50-10:40	Apoio 5°B	Apoio 1° (A,B)	Apoio 5°A	Apoio 6° (B,C)	Apoio 6° (B,C)
10:40-11:30	Apoio 5°C	Apoio 6°A	Apoio 2°B	Apoio 5°A	Apoio 2°A
11:30-11:55	RECREO				
12:05-12:30					
12:30-13:15	Apoio 2°B	Apoio 5°A	Apoio 1° (A,B)	Apoio 2° B	Apoio 5°B
13:15- 14:00	COORD	Apoio 2°B	Apoio 5°B	COORD	Apoio 5°C

MARÍA ISABEL	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Apoio 3°B	Apoio 3°B	Apoio 2°C	Apoio 3°A	Apoio 5°EI B
9:50-10:40	Apoio 5°EI B	Apoio 5°EI B	Apoio 6°EI (B,C)	Apoio 6°EI (B,C)	Apoio 6°EI (B,C)
10:40-11:30	Apoio 4°B	Apoio 6°EI (B,C)	Apoio 3°B	Apoio 4°B	Apoio 2°C
11:30-11:55	RECREO				
12:05-12:30					
12:30-13:15	Apoio 6°EI (B,C)	Apoio 4°B	Apoio 5°EI B	Apoio 5°EI B	Apoio 4°B
13:15- 14:00	Apoio 3°A	Apoio 4°A	Apoio 4°A	Apoio 3°B	Apoio 3°B

## 6. RELACIÓN DO ALUMNADO ATENDIDO

Neste curso escolar 2022-2023 as dúas PTs atenderemos ao seguinte alumnado:

### Alumnado da PT-1:

- Unha alumna con NEE asociadas a DI e que conta con adaptación curricular.
- Dous alumnos con NEAE derivadas do trastorno do espectro autista.
- Dous alumnos con NEAE por presentar TEL e que ademais presentan TDAH.
- Oito alumnos con NEAE por ser de incorporación tardía e descoñecer as linguas oficiais, un deles con adaptación curricular.
- Dous alumnos con NEAE asociadas a TDAH e DEA que ademais contan con adaptacións curriculares.
- Catro alumnos con NEAE asociadas a TDAH, dos cales dous contan tamén con diagnóstico de dislexia e unha de dislexia e discalculia.
- Dúas alumnas con NEAE por presentar dificultades de aprendizaxe tanto na área comunicativo-lingüística coma no cálculo e razoamento matemático.

### Alumnado da PT-2:

- Catro alumnos con NEAE derivadas do trastorno do espectro autista, un deles ademais presenta TEL..
- Catro alumnos con NEAE derivadas de incorporación tardía, un deles non promocionou.
- Tres alumnos con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.
- Tres alumnos con NEAE por presentar DISLEXIA, un deles ademais con TDAH que non promocionou.



## **7. ACTIVIDADES**

Levaranse a cabo actividades para a consecución dos obxectivos antes expostos programados para cada alumno/a de xeito máis específico en función das súas NEAE e o seu estilo de aprendizaxe.

O tempo planificado para cada unha delas estará en función das características do alumno/a: nivel de fatiga, capacidade de concentración, nivel de compromiso coa tarefa...

Podemos clasificalas en:

**1) Actividades de Motivación e/ou rutinas:** teñen o obxectivo de introducir ao alumnado na sesión, á vez que traballamos determinados aspectos relacionados coa organización temporal, o desenvolvemento de Capacidades Cognitivas Básicas, as Habilidades Sociais e o reforzo de prerequisites para a adquisición da lectoescritura.

**2) Actividades de Desenvolvemento:** secuenciadas, na medida do posible, da seguinte forma: cos sentidos, cos obxectos, no plano gráfico. Esta secuencia permítenos pasar de actividades de menos dificultade a actividades que requiran maior nivel de abstracción e complexidade.

**3) Actividades de Xeneralización e/ou Avaliación:** nas que o alumnado debe poñer en práctica o traballado e que nos servirán para determinar o grado de adquisición dos obxectivos, e irán orientadas ao alumnado, ao equipo docente e á familia.

**4) Actividades orientadas ao alumnado:**

- Exercicios para o traballo das capacidades básicas: atención, memoria, percepción e discriminación visual.
- Exercicios motores, que favorezan a grafomotricidade e a direccionalidade do trazo.
- Exercicios para a adquisición dun método lectoescritor, que permita aos alumnos/as acceder a diferentes tipos de mensaxes.
- Exercicios para a tradución do fonema ao grafema, e ao revés.
- Exercicios de lectura comprensiva, que favorezan a comprensión daquilo que len, sendo así máis autónomo na realización doutras tarefas escolares e na vida diaria.
- Exercicios para favorecer a redacción de feitos, estados de ánimo, relatos...
- Exercicios léxico-semánticos, que fomenten o aumento do vocabulario, o coñecemento de campos ou categorías semánticas, a formación de familias léxicas, así como a comprensión de ordes ou narracións.
- Exercicios para o coñecemento e afianzamento de regras ortográficas, atendendo ao nivel madurativo de cada alumno/a.
- Exercicios para fomentar un discurso oral coherente.
- Exercicios sobre numeración, que axuden aos nenos a identificar os números, e o

valor posicional de cada unha das súas cifras.

- Exercicios sobre magnitudes e medidas.
- Exercicios sobre operacións, que axuden aos alumnos a resolver problemas de diversa índole, atendendo ao seu nivel.
- Exercicios de resolución de problemas que poden axudar ao alumnado a ser máis independente na súa vida diaria.
- Exercicios que favorezan a autonomía do alumnado no contexto social e xestión emocional, como poden ser role-playing; representacións de situacións cotiás...
- A través das actividades-tipo preténdese que o alumnado consiga acadar os obxectivos establecidos para eles. Entre as **actividades-tipo** que se levarán a cabo durante este curso, destacamos as seguintes:

### ÁREA DE LINGUAS

Lectura de textos sinxelos. Contestar a cuestións sobre un texto. Realizar narracións. Realizar descricións de compañeiros e lugares. Completar frases e textos. Sinalar os distintos tipos de oracións. Escribir antónimos e sinónimos. Colocar puntos onde corresponda nun texto. Escribir en cartolina regras da b e da v. Xogo de problemas verbal: Que farías se... ? Por que ....? Absurdos verbais. Series de razoamento lóxico. Relacionar con frecha. Buscar palabras no dicionario. Ditado. Copiado. Sinalar as palabras agudas, graves, esdrúxulas. Ordenar alfabeticamente palabras. Ordenar palabras para que formen oracións. Memorizar un poema. Identificar os nomes propios e comúns nun texto. Escribir oracións afirmativas, interrogativas, negativas e exclamativas. Colocar os signos de exclamación e interrogación. Aprender e recitar panxoliñas. Realizar unha entrevista a un profesor do colexio. Facer un debuxo co que che suxira unha lectura ou poema. Escribir o singular e o plural de palabras. Escribir o feminino e o masculino dalgúns nomes. Sinalar os adxectivos nun texto. Escribir unha historia vendo uns debuxos. Escribir oracións con diminutivos. Describir un obxecto, lugar, acontecemento... Escribir o final dun conto, historia. Resolver adiviñas, sopas de letras... Actividades para mellorar a atención e a concentración: Identificar letras dentro dun conxunto, formar cun grupo de letras as palabras máis longas, localizar palabras sinónimas nunha táboa, atopar palabras intrusas nunha táboa, etc...

### ÁREA DE MATEMÁTICAS

Ditado de números. Escribir como se len os números. Descompoñer números. Escribir o signo maior ou menor segundo corresponda. Escribir os números romanos. Continuar series, progresivas e regresivas. Problemas sinxelos. Realizar sumas e restas. Realizar

multiplicacións e divisións dunha ou varias cifras. Escribir en cartolina as táboas de multiplicar. Resolver problemas con varias operacións. Sinalar os termos da división. Realizar a proba da división. Medir cun metro obxectos da contorna. Calcular a fracción dunha cantidade. Actividades para mellorar a atención e a concentración: completar figuras fixándoo nun modelo, sinalar con X operacións incorrectas, sinalar elementos que non pertencen á serie, etc. Series de razoamento lóxico-matemático. Xogos matemáticos en internet.

## **8. METODOLOXÍA**

Aínda que a resposta educativa debe estar axustada ás necesidades de cada alumno/a concreto, debe responder a uns principios xerais de intervención. Neste sentido, a nosa intervención como mestras de pedagogía terapéutica rexeráse polos seguintes principios:

- ✓ Fundamentarse nos principios de normalización, inclusión, individualización e compensación educativa, favorecendo as contornas menos restritivas e desenvolvendo adaptacións curriculares da menor significatividade posible.
- ✓ Partir do nivel de desenvolvemento dos alumnos (partir do nivel de competencia cognitiva do alumno).
- ✓ Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e funcionais.
- ✓ Favorecer a modificación de esquemas de coñecemento (a través dos procesos de acomodación, asimilación e equilibrio).
- ✓ Favorecer a actividade do alumno: consiste en establecer relacións ricas entre o novo contido e os esquemas de coñecemento xa existentes. O alumno é quen modifica e coordina os seus esquemas.
- ✓ Centrarse na zona de desenvolvemento próximo: hai que distinguir entre o que o alumno é capaz de facer e aprender por si só e o que é capaz de facer e aprender con axuda doutras persoas.
- ✓ Favorecer a aprendizaxe sen erro, á vez que reforzar sempre que sexa posible os logros do alumno.
- ✓ Potenciar modalidades de traballo no aula que faciliten o traballo cooperativo.
- ✓ Utilizar todas as canles sensoriais funcionais para a entrada de información.

Trátase dunha metodoloxía activa, participativa e motivadora, na que o alumno será o protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe. Ao mesmo tempo, teranse en conta algunhas técnicas de modificación de conduta, tales como o Principio de Premack ou o sistema de economía de fichas, que se empregarán cando o obxectivo sexa incrementar e/ou manter condutas adecuadas no alumno.

A educación en valores (respecto, solidariedade, tolerancia etc...) estará presente en todo momento para mellorar o clima e as relacións entre os alumnos/as.

Farase moito fincapé na hixiene persoal e na importancia de ter e manter os materiais limpos e ordenados. As explicacións do profesor faranse de xeito grupal e individual, dependendo do tipo de actividade e das necesidades do alumno/a.

Con cada alumno, de xeito individual e en función das súas NEAE, basearemos as nosas intervencións nos protocolos de atención educativa da Xunta.

## **9. RECURSOS**

**Recursos materiais:** material didáctico que traballe de forma concreta os obxectivos suscitados, manuais para o traballo da lectoescritura e as matemáticas para atender á diversidade, material manipulativo que facilite a construción de palabras, frases..., material escolar (lapis, papel, caderno, pegamento...), pictogramas no caso do alumnado que o precise, libros de consulta...

**Recursos humanos:** estes poden ser internos ao centro ou externos:

- Internos: Equipo Docente, titores/as, mestres/as especialistas, mestres/as de Audición e linguaxe, persoal non docente. - Externos: EOE, Equipos de Atención Temperá (SAT de Ordes) institucións e asociacións de diversa índole, logopedas privados, gabinetes psicolóxicos, a familia e os centros de educación especial.

## **10. AVALIACIÓN**

A avaliación do alumnado realizarase en tres momentos:

- Avaliación inicial: partiremos sempre da avaliación psicopedagóxica. Como mestras de P.T., antes da nosa actuación deberase realizar unha avaliación inicial do alumnado tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

- Avaliación continua: infórmanos sobre a evolución do alumno, o grao de consecución dos obxectivos e os contidos planificados e a eficacia dos procedementos de intervención utilizados de forma continua.

Este tipo de avaliación, permítenos ir introducindo modificacións nos elementos da programación ao longo da intervención, en función dos resultados da mesma.

- Avaliación Final: servirá para redactar o informe final do alumnado no que se especificarán os aspectos traballados, conseguidos e non conseguidos, así como as orientacións para o titor/a ou familia. Un dos criterios para a avaliación será a entrega das tarefas realizadas, ben ao titor/a, ou ben, ao especialista de PT.

No caso de que un alumno ou alumna non estea diagnosticado pero, o mestre e os pais, detecten dificultades de aprendizaxe ou alteracións na comunicación, na linguaxe ou fala,

levarase a cabo o seguinte proceso:

- Demanda de avaliación por parte do mestre, que debe ser comentada á familia e autorizada.
- Descrición por parte do mestre, dos problemas ou dificultades que observa no neno, aportando toda a información relacionada co caso.
- Aplicación de probas (D.O.)
- Análise das dificultades, conclusión e determinación da necesidade ou non de intervención e en que ámbitos debe realizarse.
- Devolución da información ao titor/a e á familia, incluíndo as orientacións que se consideran oportunas.
- Establecer un programa de intervención.

## **11. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

A avaliación desta programación realízase de forma continua durante todo o curso, a través das diferentes reunións dos órganos de coordinación docente. Os criterios que se terán en conta son a adecuación de medidas para responder ás necesidades do alumnado. Para este fin, analizaremos coidadosamente o funcionamento das medidas organizativas desenvolvidas no centro, valorando o progreso dos alumnos, a adecuación dos criterios de selección do alumnado a estas medidas e as propias programacións didácticas do profesorado. Teranse en conta tamén a adecuación das medidas curriculares.

Ordes, 21 de setembro do 2022

María Isabel Mourelle Mato  
Lorraine Chantal Reinländer